



REGULAMENTO XXIV TRAVESÍA A NADO. PORTO DA GUARDA SÁBADO, 7 DE SETEMBRO DE 2019. ÁS 12.00H

XXIV TRAVESÍA A NADO PORTO DA GUARDA rexerese polo presente regulamento.

1. ORGANIZACIÓN

Promovida e xestionada pola Concellería de Deporte da Guarda e Noko Deporte y Salud. Contará coa colaboración do club de Remo Robaleira, Club ALAGUA e Confraría de Pescadores Santa Tecla.

2. PARTICIPACIÓN

Poden participar na Travesía a Nado nadadores federados e non federados. Cada participante participa baixo a súa responsabilidade e con **coñecemento e nivel de nado suficiente para realizar a proba**. A organización non se fai responsable das lesións por imprudencia o falta de forma física. A organización resérvase o dereito de exclusión dos participantes segundo o seu criterio.

3. INSCRICIÓNS

A inscrición realizarase en www.galitiming.com na sección de inscrición online ata o 4 de setembro, incluído.

Como novidade esta edición estará cronometrada polo que a inscrición ten un custe:

- 6€ inscritos ata o 31 de agosto.
- 8€ inscritos entre o 1 e o 4 de setembro.
- As categorías de nenos (A, B, C e D) son de balde.

A inscrición inclúe:

- Gorro numerado
- Seguro accidentes
- Cronometraxe
- Avituallamento final

Os nadadores non federados menores de 18 anos precisan que o pai, nai ou titor autorice a súa participación. O impreso de autorización debe enviarse asinado previamente a info@noko.es ou, en último caso, pode entregarse no momento de recollida do gorro.

Os datos persoais recibidos serán empregados unicamente coa finalidade de organizar e xestionar a presente edición da Travesía a Nado Porto da Guarda e, en todo momento, respectarase o que sinala a Lei de Protección de Datos vixente.

Unha vez realizada a inscrición a organización adxudicará un número a cada participante e o día da proba recibirá o seu gorro co número correspondente.

A inscrición na travesía supón o coñecemento e aceptación do presente regulamento quedando reservado o dereito de admisión.

4. DISTANCIA

400 METROS: Categorias A,B,C, D

1.200 METROS: Categorias E,F,G,H,I,J,K, L

A organización reservarase o dereito a modificar o percorrido e distancia se o considera oportuno.

5. CATEGORÍAS

CATEGORÍA FEMININA	CATEGORÍA MASCULINA
A - Nados nos anos 2013-2019	C - Nados nos anos 2013-2019
B - Nados nos anos 2008-2012	D - Nados nos anos 2008-2012
E - Nados nos anos 2004-2007	I - Nados nos anos 2004-2007
F - Nados nos anos 1999-2003	J - Nados nos anos 1999-2003
G - Nados nos anos 1982-1998	K - Nados nos anos 1982-1998
H - Nados en 1981 e anteriores	L - Nados en 1981 e anteriores

6. PERCORRIDO



400 m: A, B, C, D. Consiste en ida e volta ata unha boia no centro do porto.

1.200m: E, F, G, H, I, J, K, L. Consiste en dar unha volta a un cadrado acoutado por boias de obrigado paso e que os nadadores bordearán deixándoas a súa esquerda.



REGULAMENTO XXIV TRAVESÍA A NADO. PORTO DA GUARDA SÁBADO, 7 DE SETEMBRO DE 2019. ÁS 12.00H

7. DESENVOLVEMENTO DA PROBA

A proba está controlada por persoal da organización da Travesía, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenrolo da competición.

A participación quedará confirmada coa recollida do gorro numerado cunha antelación de 15 minutos da celebración da proba e presentando un documento que acredite a súa identidade e a data de nacemento.

A entrega de dorsais realizarase no punto de información a uns metros do dique (segundo está marcado no mapa).

A efectos de identificación os participantes non poderán quitarse o gorro numerado entregado pola organización ata a finalización da competición. Ao remate da proba os participantes teñen que entregar o chip.

A organización pode solicitar que o participante acredite a súa identidade durante a competición se o considera oportuno.

Queda prohibida a utilización de axudas externas como aletas, flotadores e similares. **O neopreno só se poderá utilizar se a temperatura da auga e menor aos 18° ou por decisión da organización. A temperatura será recollida 30 minutos antes da proba.**

O remate da proba os participantes recibirán un avituallamento líquido e sólido.

Non hai servizo de gardarroupa e a uns 150 metros a praia do Carreiro que conta con lavapes no que non está permitido o uso de xabóns. Estarán dispoñibles duchas quentes nas instalacións do Club de Remo Robaleira situadas noutra dique a uns 900 metros.

A Travesía contará en materia de seguridade coa colaboración da Policía Local e medios acuáticos como a embarcación de salvamento e embarcacións de apoio entre outros voluntarios.

8. HORARIOS

- Entre as 10:00 - 11:45 horas; cada participante poderá recoller o seu gorro numerado para a proba. Non hai servizo de gardarroupa.
- Ás 12:00 horas comeza o percorrido de 400 m para as categorías A, B, C, D.
- Ao remate desta comezará o percorrido de 1.200 m para as categorías E, F, G, H, I, J, K.
- A hora da entrega de premios informárase por megafonía

9. PREMIOS

- Trofeos para o 1º, 2º e 3º clasificados de cada categoría.
- Premios especiais para as categorías adultas e que rematen a proba:
 - Trofeos aos gañadores absolutos masculino e feminino.
 - Trofeo para o nadador e nadadora máis xoves e máis veterano/a.

PARA MÁIS INFORMACIÓN

info@noko.es

www.galitiming.com